



BANDO INFORMATIVO

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVIENDAS DO PLAN ESTATAL DE VIVIENDA 2018 -2021

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Orosó (A Coruña)

INFORMA: Da apertura do prazo de solicitude das axudas ao alugamento de vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021

OBXECTO E TIPO DE AXUDAS: Axudas directas ás persoas inquilinas mediante o procedemento de concorrencia competitiva. Liña A (axudas ao alugamento de vivenda) ten como finalidade facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos. Liña B (axudas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente) ten como finalidade facilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada ás persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos.

Terán preferencia as unidades familiares nas que existan persoas con discapacidade, as familias numerosas ou monoparentais, as vítimas de violencia de xénero ou de terrorismo e as persoas afectadas por situacións catastróficas ou pola execución hipotecaria da vivenda habitual.

As solicitudes que non vaian acompañadas do contrato de arrendamento, do certificado de empadroamento colectivo e dos Anexos I e II do modelo non serán admitidas.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

- a. Nacionalidade española ou residencia legal en España.
- b. Ser titular dun contrato de arrendamento de vivenda cunha duración mínima de un ano e con mención expresa da referencia catastral.
- c. Residencia habitual e permanente na vivenda alugada da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia.
- d. Existe un límite mínimo (376,49 €/mes) e un límite máximo de ingresos (variable en función da composición da unidade de convivencia).
- e. Non ter vivenda en propiedade ningún dos membros da unidade de convivencia.
- f. Non ter sido beneficiaria destas axudas ao abeiro de convocatorias anteriores.
- g. Non ter débedas coa Seguridade Social, Facenda ou coa Xunta.
- h. A importe da renda de aluguer non pode superar os 400 €.

LUGAR DE INFORMACIÓN: Servizos Sociais municipais (cita previa tlf. 981688950) e Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS): Servizos Centrais (Área Central s/n, Santiago, tlf. 981541981/2) e Área Provincial (Pz. Luís Seoane, s/n, A Coruña, tlf. 881881257/8).

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes rematará o 11 de outubro de 2019.

MÁIS INFORMACIÓN: (Diario Oficial de Galicia nº 172 do 11/09/2019)
Orosó, 18 de setembro de 2019

Manuel Mirás Franqueira